

# EN GALEGO PARA SEMPRE

Manual de recursos en lingua galega para actos funerarios



CONCELLO DE MOAÑA



# EN GALEGO PARA SEMPRE

Manual de recursos en lingua galega para actos funerarios

## ÍNDICE

Limiar .....	5
Para as empresas funerarias .....	7
➤ <b>Necrolóxicas</b> .....	7
• Necrolóxica católica .....	7
• Necrolóxica laica .....	11
➤ <b>Recordatorios</b> .....	13
Para as empresas marmoristas .....	14
➤ <b>Lápidas</b> .....	14
➤ <b>Lemas para lápidas</b> .....	15
• <b>Lemas xenéricos</b> .....	15
• <b>Lemas para mulleres</b> .....	16
• <b>Lemas para homes</b> .....	16
Para as florarías .....	19
➤ <b>Lemas para fitas</b> .....	19
Propostas para realizar a cerimonia funeraria .....	21
I. <b>Exequias</b> .....	21
II. <b>Lembranza</b> .....	21
III. <b>Poema</b> .....	22
IV. <b>Música</b> .....	26



# LIMIAR

O Concello de Moaña edita o presente manual co obxectivo de achegar ás empresas relacionadas coa organización de actos funerarios (florarías, marmorarías e empresas funerarias) propostas que lles permitan usar a nosa lingua nos devanditos actos.

No noso concello, ao igual que no resto de Galiza, emprégase de forma moi maioritaria a lingua castelá en todos os textos e cerimoniais que se producen despois do falecemento dunha veciña ou dun veciño. Trátase dunha triste anomalía que nos leva, na maior parte dos casos, a despedir unha persoa nunha lingua que non era a habitual nela.

Continúanse reproducindo, deste xeito, inercias herdadas dun tempo no que o galego non era considerado unha lingua válida para usar en textos solemnes.

O Concello de Moaña é consciente de que moitas veces as empresas carecen de modelos ou de coñecementos para poder ofrecer á súa clientela os textos en galego con seguridade. O manual *En galego para sempre* permitirá superar esta situación e que unha veciña ou veciño poida escoller, en igualdade de condicións, a lingua que desexa para despedir a persoa falecida. Ademais, o Servizo de Normalización Lingüística municipal está á disposición das empresas para a resolución de calquera consulta ao respecto. Desde o Concello propoñemos que, salvo indicación contraria, sexa a lingua galega a que se empregue por defecto nestes actos posto que tamén é a maioritaria entre a poboación.

A nosa lingua conta con textos de gran valor literario para acompañar a perda dunha vida. Este manual contén unha escolma de poemas e de lemas para lápidas que poden resultar máis acaídos nas cerimoniais que outros importados de culturas alleas.

Presentamos tamén modelos de textos para ler no caso de que a familia opte pola realización dun acto laico, con propostas de músicas para estes actos.

O presente manual realizouse tomando como base iniciativas semellantes noutras partes de Galiza das que tiramos directamente –co seu permiso– a gran maioría dos contidos. Agradecemos a súa xenerosidade. Son os traballos “Galegos de por vida” de Xesús Ferro, María Xesús Anido e Carme Lamela; “Proxecto Burela” coordinado por Bernardo Penabade e “Pasamento Laico” de Camilo Camaño, Xoán Chillón, Borja González, Estanislao Graña, Henrique Harguindey, Che Mariño e César Varela.

Agradecemos tamén o asesoramento da Asociación de Funcionarios/as pola Normalización Lingüística e de Manuel Anxo Méndez.

Moaña, outubro de 2015

Concellaría de Normalización Lingüística



## Para as empresas funerarias

### ➤ Necrolóxicas

#### • Necrolóxica católica

Seguen un esquema xeral no que se reproduce o nome e os apelidos da persoa falecida e debaixo entre paréntese o nome do alcume, no caso de ser esta persoa coñecida por esta denominación, ou outra información que a caracteriza como que é traballadora dunha determinada empresa, viúva de... A continuación, escríbese o día en que morreu e a idade que tiña nese intre e, de maneira opcional, unha referencia relixiosa. Tras as abreviaturas da expresión *descanse en paz* (D.E.P.) sinálanse os datos familiares, onde é que se vela e onde e a que hora se vai enterrar. É dicir, os datos necesarios para que aquelas persoas que queiran ir presentar os seus respectos o poidan facer, no caso de que a familia admita dó. No caso de que non se admita isto último, tamén se indica.

As tipografías para sinalar estes datos son variados, pero sempre destaca o nome da persoa finada. A colocación destes datos tamén pode variar, pero polo xeral o nome da persoa falecida, o alcume e a expresión D.E.P. van centrados.

## **Don Xosé Lamelas Lourido**

**(Pepe, do Souto)**

Finou o día 25 de xaneiro aos 85 anos de idade, confortado cos Santos Sacramentos.

**D.E.P.**

A súa esposa María Tareixa García Ledo; os seus fillos e fillas, Antón, Rubén, María e Rosa; netos, noras e xenros, sobriños, irmáns políticos e demais familia agradecen unha oración pola alma del. O cadáver será enterrado hoxe, venres, ás doce da mañá e será conducido desde o tanatorio de Moaña ata a Igrexa de San Xoán de Tirán onde se realizará o funeral e, seguidamente, recibirá sepultura no camposanto da mesma parroquia.

Moaña, 26 de xaneiro de 2000

Cabodano de

# DONA XOSEFA LEMEIRAS TRIGO

(Fita, dos Laranxos)

Faleceu cristianamente o día 12 de outubro de 2010  
aos 90 anos de idade.

O seu home, MANUEL MORADÁS GONZÁLEZ; fillo, SAMUEL (perruqueiro); filla política, LIDIA GONZÁLEZ TORRES; netos, BRAIS, XIANA E IRIA; bisnetos, FIZ E MARÍA; irmá, LEONOR; irmás políticas, ANA e BEATRIZ; sobriños, curmáns e demais familia.  
ROGAN unha oración pola súa alma. Non se recibe dó.

Moaña, 12 de outubro de 2011

Para o tratamento que se lle dá á persoa finada, temos varias opcións:

- Nome e apelidos sen máis, sen ningún tipo de tratamento: Xosé Lamelas Lourido; Xosefa Lameiras Trigo.
- *Señor (Sr.)* ou *señora (Sra.)* seguido do nome e os apelidos: O señor Xosé Lamelas Lourido; A señora Xosefa Lameiras Trigo.
- *Don* ou *dona* seguido do nome e os apelidos: Don Xosé Lamelas Lourido; Dona Xosefa Lameiras Trigo.

Se empregamos a fórmula *señor don* (ou as súas abreviaturas *Sr. D.*) ou *señora dona* (*Sra. D.ª*) estamos caendo nunha redundancia, así que debemos rexeitar este uso.

O SEÑOR

## Ramiro López Rúa

FINOU NO DÍA DE ONTE AOS 68 ANOS DE IDADE,  
CONFORTADO COS AUXILIOS ESPIRIRUAIS.

----- D.E.P. -----

A súa dona, Rosalía María Covas Gómez; fillos, Xosé e Xoán; fillas políticas, Xosefa e Míriam; netos, Cristián, Alberte e Aldara; irmás, María Xosé e Celeste; irmáns políticos, tíos, sobriños, curmáns e demais familia.

PREGAN unha oración pola súa alma. A asistencia á misa de corpo presente terá lugar HOXE, MÉRCORES, ás SETE da tarde, na capela do tanatorio municipal e deseguido será incinerado na intimidade familiar.

O funeral polo seu eterno descanso realizarase MAÑÁ, XOVES, día 24 de xullo, ás OITO da tarde, na igrexa de Nosa Señora do Carme.

**Capela ardente: tanatorio municipal de Moaña, sala dúas.**

Moaña, 23 de xullo de 2004

O SEÑOR

# Rosendo Almuíña Maquía

(Viúvo de Xoana Quintas)

FINOU CRISTIANAMENTE NO DÍA DE ONTE AOS 91 ANOS DE IDADE.

----- D.E.P. -----

A súa filla, Carme; fillo político, Xermán Pousada Castro (Mobles Pousada); netos, Manuel e Concha; bisnetos, Carlos, Xoel e Breogán e demais familia.

PREGAN unha oración pola súa alma e a asistencia á condución dos seus restos mortais, que terán lugar HOXE, ás CATRO MENOS CUARTO da tarde, desde a sala de velacións núm.5 do tanatorio de Emorvisa ao cemiterio de San Martiño, onde recibirá cristiá sepultura; o funeral oficiárase MAÑÁ VENRES, ás CINCO da tarde, na igrexa da citada parroquia.

Moaña, 19 de xuño de 2010

A señora

# Mencía Figueroa Casal

FUNDADORA DE FIGUEROA E MARTÍNEZ S.L.

Faleceu onte, aos 76 anos de idade.

-----D.E.P.-----

O seu home, Manuel; fillas, Palmira e Xela; fillos políticos, Darío e Xoán; netos, Adán, Moisés, Pablo, Mara, Lía e Sabela; sobriños, curmáns e demais familia.

Rogan unha oración pola súa alma. A asistencia á misa de corpo presente terá lugar **hoxe, martes, ás cinco da tarde**, na igrexa de San Pedro de Domaio e, deseguido, será soterrado no cemiterio da mesma parroquia.

Capela mortuoria: tanatorio municipal de Moaña, sala unha.

Moaña, 18 de xaneiro de 2004

Cabodano de

# DONA ERUNDINA REFOXOS PÉREZ

(Dina, de Currás)

Faleceu o día 8 de maio de 2013, aos 54 anos de idade,  
confortada cos auxilios espirituais.

Marido: Alexandre Piñeiro Branco.

Fillas: Alma, Irene, Mariña e Raquel Piñeiro Refoxos.

Fillos políticos: Brais Nogueiras e Roxelio Carballo.

Netos: Antón, Lois e Cristina.

Irmá: Azucena

Irmáns políticos: Lois Quintela e Carlos Quintas.

Tíos, curmáns e demais familia;

Agradecen unha oración pola súa alma e comunicanlles que o funeral do cabodano  
realizarase o vindeiro LUNS 12 de MAIO, ás DOCE da MAÑÁ na IGREXA DE SAN MARTIÑO.

Moaña, 10 de maio de 2014

Tamén é posible empregar unha estrutura de texto e estilo máis libre, sen tantas referencias  
aos nomes da persoas que integran a familia e indicando os datos necesarios para velar o  
cadáver e un lema que recolla o sentir da familia.

A esposa Mara Veiga Vilar, os fillos Afonso, Alexandre, María e Xiana,  
netos, noras e xenros comunican a morte do seu querido

## Xenxo Outeiriño Pequeno

Levaremos connosco sempre o teu sorriso, o teu espírito de traballo e a túa xenerosidade.

Os funerais serán hoxe, sábado, ás once da mañá na igrexa parroquial de Santa Eulalia de  
Meira.

Moaña, 30 de decembro de 2011

Á idade de 56 anos, morreu no día de onte

## Xenxo Outeiriño Pequeno

As persoas que traballamos contigo na empresa XXL, na que compartimos tantas horas,  
lembraremos sempre a túa xenerosidade e o teu compañeirismo.

Moaña, 30 de decembro de 2011

- **Necrolóxica laica**

Para estes casos, valen as mesmas necrolóxicas que as anteriores unha vez que se lle eliminan as referencias relixiosas. Aquí reproducimos algún exemplo:

## **Don Xosé Lamelas Lourido**

**(Pepe, do Souto)**

Finou o día 25 de xaneiro aos 85 anos de idade.

A súa esposa María Tareixa García Ledo, os seus fillos e fillas, Antón, Rubén, María e Rosa, netos, noras e xenros, sobriños, irmáns políticos e demais familia comunican que o cadáver será soterrado hoxe, venres, ás doce da mañá e será conducido desde o tanatorio de San Martiño ata a cemiterio municipal de Moaña.

Moaña, 26 de xaneiro de 2000

Cabodano de

## **DONA JOSEFA LEMEIRAS TRIGO**

**(Fita, dos Laranxos)**

Faleceu o día 12 de outubro de 2010  
aos 90 anos de idade.

O seu home, MANUEL MORADÁS GONZÁLEZ; fillo, SAMUEL (perruqueiro); filla política: LIDIA GONZÁLEZ TORRES; netos, BRAIS, XIANA E IRIA; bisnetos, FIZ E MARÍA; irmá, LEONOR; irmás políticas, ANA e BEATRIZ; sobriños, curmáns e demais familia lembrante sempre.

Moaña, 12 de outubro de 2011

## **D. Alberte Rouco Formoso**

**FINOU ONTE AOS 46 ANOS DE IDADE**

**A familia non te esquece**

Comunícase ás amizades que o cadáver está exposto  
na sala núm. 3 do tanatorio de Pereiró deica ás CATRO da tarde,  
hora na que se incinerará.

Galicia, 20 de abril de 2000

O señor

## Alberte Rouco Formoso

FINOU ONTE AOS 46 ANOS DE IDADE

### **Lembrarémoste sempre**

A súa familia comunícalles ás amizades que o cadáver está exposto na sala núm. 3 do tanatorio de Pereiró deica ás CATRO da tarde, hora na que se incinerará.

Galicia, 20 de abril de 2000

Á idade de 49 anos, morreu no día de onte

## LÚA VIDAL LOUREIRO

As persoas que traballamos contigo e tantas te coñecemos e estimamos na súa profesión de médica notaremos a túa falta.

Moaña, 27 de decembro de 2011

➤ **Recordatorios**

As empresas funerarias adoitan repartir un recordatorio do acto de enterramento entre as persoas que asisten a el. Vén sendo unha última despedida coa persoa finada. Ademais de incluír os datos relativos do acto, tamén se inclúe algunha oración ou un texto de lembranza.

<div data-bbox="379 544 651 808" data-label="Image"></div> <div data-bbox="384 815 647 882" data-label="Caption"><p>Luís Nogueiras García (1973-1996)</p></div>	<p>Faleceu o día 31 de febreiro de 1996, en accidente de circulación, aos 23 anos de idade.</p> <p><b>D. E. P.</b></p> <p>O seu pai, Xosé Nogueiras Pérez, e a súa nai, Carme García Paz; irmán, Xoán; a súa avoa, tíos, curmáns e demais familia rogan unha oración polo eterno descanso da súa alma.</p> <p>A todos os que me quixestes pídovos oracións de recordo, que son a mellor proba do voso cariño, e que vivades sempre de maneira que nos poidamos reencontra no ceo.</p> <p><i>(San Francisco de Asís)</i></p>
---	---

<p><b>ANA MARÍA PEDROSA RIBEIRO</b></p> <p>Finou cristianamente o pasado sábado 23 de xullo, aos 92 anos de idade.</p> <p><b>-D.E.P.-</b></p> <p>Fillos: Gonzalo e Roi; fillas políticas: María Pereira Viñas e Rosario Domínguez González; netos: Lois, Aldara, Gonzalo, María, Noela e Piedade; irmáns políticos: Xosé, Xermán e Carme.</p> <p>Netos políticos, bisnetos, sobriños e demais familia.</p> <p>Agradecen unha oración pola súa alma co gallo dos actos do soterramento, oficiado o pasado domingo, e do funeral realizado no día de hoxe na igrexa parroquial do Carme de Moaña.</p> <p>Moaña, 25 de xullo de 2001</p>	<p>Onte estivo connosco rindo e compartindo o mellor de si. Hoxe quédanos o seu recordo.</p> <p>A súa familia sempre honrará a súa memoria, ata o momento de reunírense con ela.</p> <p>Bendicións para todos os seres queridos de quen en vida foi Ana María.</p>
---	--

## Para as empresas marmoristas

### ➤ Lápidas

Nas lápidas inscríbese o nome e os apelidos da persoa finada e, maioritariamente, a data da morte, aínda que xa se comezan a ver lápidas que conteñen só o nome e os apelidos.

Tamén poden levar outros datos como o ano de nacemento e, a maiores, un lema no que os familiares expresan o seu pesar pola perda do ser querido ou calquera outra expresión que o identifique. Achegamos aquí algúns exemplos con múltiples variacións.

IOLANDA  
MOURE RODRÍGUEZ

Iolanda  
Moure Rodríguez

- 8 – 2 – 1945
- + 3 – 5 - 2013

ALBERTE SOUTO MARTÍNEZ  
(1965-2001)

**A túa familia  
non te esquece**

Alberte Souto Martínez  
Finou o 26/2/2001

**Sempre te lembraremos**

Aquí xace

IOLANDA  
MOURE RODRÍGUEZ

FALECEU O DÍA  
3 DE MAIO DE 2013  
AOS 68 ANOS DE IDADE

**D.E.P.**

*O teu cariño, o teu sorriso, a túa  
bondade acompañarannos  
sempre.*

IOLANDA  
MOURE RODRÍGUEZ

Finou o 11.10.2012  
aos 80 anos de idade

**R.I.P.**

*Esposa, nai, avoa e  
bisavoa exemplar*

➤ **Lemas para lápidas**

Á hora de esculpirmos estes textos sobre a pedra ou sobre o metal, adoitan colocarse despois de todos os datos relevantes da persoa que aí xace, como unha sentenza final.

Se o lema vai escrito sen centrar, remataremos a expresión cun punto final; se o lema vai centrado, pode ir sen punto final.

• **Lemas xenéricos** (valen tanto para mulleres como para homes):

1. O teu recordo vive e vivirá nos nosos corazóns. Querémoste.
2. Faise o teu corpo fráxil, pero quedan en nós as túas ideas fortes.
3. Saíches desta vida, pero non dos nosos corazóns.
4. As persoas que te quixemos na vida non te esqueceremos na morte.
5. Seguirémoste querendo.
6. Seguirémoste amando.
7. Estarás sempre entre nós.
8. Estarás sempre connosco.
9. Recordarémoste sempre.
10. Lembrarémoste sempre.
11. Sempre te lembraremos.
12. Sempre te recordaremos.
13. Nunca te esqueceremos.
14. A grandeza do teu amor fai especial cada instante das nosas vidas.
15. O teu cariño, o teu sorriso, a túa bondade acompañarannos sempre.
16. Os días pasan, pero o teu recordo sempre quedará con nós.
17. Os días pasan, pero a túa lembranza sempre quedará connosco.
18. A túa candeia acabou, pero a luz do teu amor non morrerá mentres vivamos. Ela hanos alumear para aprendermos a camiñar sen ti.
19. Ímoste estrañar moito.
20. Voute estrañar moito.
21. Botarémoste de menos.
22. Botareite de menos.
23. Estrañarémoste moito.
24. Moito te estrañaremos.
25. Vaise notar moito a túa ausencia.
26. Mamá, papá, desde que vos fostes, nos nosos corazóns hai un sitio baleiro. Nunca vos esqueceremos.
27. Mamá, papá, desde que vos fostes, no meu corazón hai un sitio baleiro. Nunca vos esqueceréi.
28. Debemos continuar sen a túa presenza, pero a túa lembranza vainos acompañar sempre.
29. Sempre vivirás en nós.

- **Lemas para mulleres:**

1. Eras a nosa compañeira de xogos e a alegría da familia.
2. Sempre te teremos viva nos nosos corazóns.
3. Permanecerás viva nos nosos corazóns.
4. Sempre estarás viva nos nosos corazóns.
5. Estarás viva nos nosos corazóns para sempre.
6. Estarás viva nos nosos corazóns por sempre.
7. Sementaches só amizade, fuches unha gran compañeira. Xa sen ti, non nos queda máis ca imitar o teu exemplo.
8. Avoíña querida, sigue contándonos cantigas antes de adormecermos, desde esa estrela lucente onde ficas ti agora. Ata hoxe á noitiña, coma sempre. (Os teus netiños Xián e Mauro)
9. O teu recordo agora e sempre nos nosos corazóns, mamá.
10. Mamá, desde que te fuches, nos nosos corazóns hai un sitio baleiro. Nunca te esqueceremos.
11. Mamá, desde que te fuches, no meu corazón hai un sitio baleiro. Nunca te esquecerei.

- **Lemas para homes:**

1. Eras o noso compañeiro de xogos e a alegría da familia.
2. Sempre te teremos vivo nos nosos corazóns.
3. Permanecerás vivo nos nosos corazóns.
4. Sempre estarás vivo nos nosos corazóns.
5. Estarás vivo nos nosos corazóns para sempre.
6. Estarás vivo nos nosos corazóns por sempre.
7. Sementaches só amizade, fuches un gran compañeiro. Xa sen ti, non nos queda máis ca imitar o teu exemplo.
8. Avoíño querido, sigue contándonos cantigas antes de adormecermos, desde esa estrela lucente onde ficas ti agora. Ata hoxe á noitiña, coma sempre. (Os teus netiños Xián e Mauro).
9. O teu recordo agora e sempre nos nosos corazóns, papá.
10. Papá, desde que te fuches, nos nosos corazóns hai un sitio baleiro. Nunca te esqueceremos.
11. Papá, desde que te fuches, no meu corazón hai un sitio baleiro. Nunca te esquecerei.

A continuación, reproducimos fotografías de lápidas proporcionadas polo Proxecto Burela.





## Para as florarías

### ➤ Lemas para fitas

Amosamos no cadro que segue posibles lemas para imprimir nas cintas dos centros de flores e coroas.

A túa muller / A túa esposa / A túa dona	non te esquece
O teu home / O teu marido / O teu esposo	
A túa filla	
O teu fillo	
A túa neta	
O teu neto	
A túa avoa	
O teu avó	
A túa curmá	
O teu curmán	
A túa afillada	
O teu afillado	
A túa familia	
A túa nora	
O teu xenro	
O veciñanza	
A empresa XXX	

A túa nai e o teu pai / Os teus pais	non te esquecen
As túas fillas	
Os teus fillos	
As túas netas	
Os teus nenos	
As túas avoas	
Os teus avós	
As túas curmás	
Os teus curmáns	
As túas afilladas	
Os teus afillados	
As túas noras	
Os teus xenros	
As túas compañeiras de traballo	
Os teus compañeiros de traballo	
As túas veciñas	
Os teus veciños	

Lembranza	da túa muller / da túa esposa / da túa dona
	do teu home / do teu esposo / do teu marido
	da túa filla
	do teu fillo
	das túas fillas
	dos teus fillos
	da túa nai e do teu pai / dos teus pais
	da túa neta
	do teu neto
	das túas netas
	dos teus netos
	da túa avoa
	do teu avó
	da túa avoa e do teu avó / dos teus avós
	das túas avoas
	da túa irmá
	do teu irmán
	das túas irmás
	dos teus irmáns
	da túa curmá
	do teu curmán
	das túas curmás
	dos teus curmáns
	da túa nora
	das túas noras
	do teu xenro
	dos teus xenros
	da túa afillada
	do teu afillado
	das túas afilladas
	dos teus afillados
	da empresa XXX
	da túa compañeira de traballo
	do teu compañeiro de traballo
das túas compañeiras de traballo	
dos teus compañeiros de traballo	
da túa veciña	
do teu veciño	
da túa veciñanza	

## Propostas para realizar a cerimonia funeraria

Achegamos aquí uns textos, poemas e músicas que poden ser lidos ou interpretados durante a cerimonia funeraria, recollidos pola Comisión polo Pasamento Laico de Cangas.

### I. Exequias

#### MARCHA DO ANTIGO REINO DE GALICIA (gaita)

Mentres o féretro é conducido dende o fogar fúnebre ao salón no que se realizará o acto, soa en acordes de gaita a *Marcha do Antigo Reino de Galicia*.

### II. Lembranza

Unha persoa –familiar ou amiga- le unhas liñas de lembranza. Achegamos dous breves textos que pode servir de modelo ou, se se quere, pódese elaborar outro texto completamente diferente, mesmo máis personalizado e acaído en relación coa persoa finada.

Exemplos de textos para a Lembranza

#### Lembranza 1

*Amigas e amigos :*

*Reunímonos hoxe aquí para darmos a despedida ao corpo de ..... e un sentimento de tristura mergulla as nosas cabezas e entolda as nosas mentes. É natural, pois, que nos desole a súa desaparición física e sabemos o moito que habemos botar en falta a súa presenza. Mais, ao tempo, a constancia de sermos moitas as persoas que lle queríamos e que lle queremos prodúcenos a ledicia de evocarmos con agarimo e alegría a súa figura, de nos sentirmos contentos ao estar agora, coma sempre, na súa irmandade.*

*Porque sabemos tamén que ..... non vai estar ausente entre nós. Seguirá vivindo sempre nas nosas lembranzas, nas nosas angueiras, nos nosos afáns. O seu exemplo estimularanos para seguir traballando por un mundo mellor, máis xusto e máis solidario.*

*Non lle cómpren a este acto senón breves e sinxelas palabras.*

*E toda a calor e a forza compañeira dos nosos corazóns.*

## Lembranza 2

### Amigas e amigos:

*Neste emotivo momento no que estamos para despedir a ....., cremos que a mellor lembranza que lle podemos dedicar quen aquí nos reunimos é a de agradecer a súa amizade, celebrar a súa honradez, louvar o seu traballo e lembrar o cariño que sentía polos seus e tamén por todas e por todos nós que, ao cabo, xa formamos parte da súa familia extensa.*

*Cando alguén querido ten que facer a travesía desde esta beira da vida e que hoxe está a facer ....., na parroquia dos vivos quedamos coa sensación da friaxe, do abandono, do desacougo, pero tamén queremos achegarlle a suficiente calor e compañía para que sexa levadeiro este novo camiño que emprende dende o río da vida ata o océano da eternidade.*

*..... permaneceremos unidas e unidos polo teu recordo para sempre.*

### III. Poema

Lerase un poema escollido para o momento. Nos tanatorios adoitan dispón dun feixe de poemas para que a familia escolla o que máis lle agrade; por suposto, pódese ler outro distinto.

#### Poemas que se suxiren para escoller na cerimonia funeraria

1)

#### EIQUÍ SERÁ

Quero morrer eiquí (cando me chegue  
a hora da viaxe que me agarda).

Eiquí niste silencio  
de pombas arroladas,  
niste vento que dorme nos piñeiros  
un profundo soño de arelanzas.

Quero morrer eiquí cos ollos postos  
no fumegar das tellas, na borralla  
do tempo, frente a frente  
de min, aberta a ialma  
aos latexos das horas, nunha tarde  
ateigada de arpas.

Van e veñen as nubes viaxeiras,  
as anduriñas pasan.  
O pandeiro da chuvia  
repenica unha maina  
melodía de outono,  
que no roncón do río se acompasa.

Quero morrer eiquí. Ser sementado  
nesta miña bisbarra.  
Finar eiquí o meu cansancio acedo,  
pousar eiquí pra sempre as miñas azas.

C.E. FERREIRO

2)

### IRMÁUS

Camiñan ao meu rente moitos homes.

Non os coñezo. Sonme estranos.  
Pero ti, que tealcontras alá lonxe,  
máis alá dos desertos e dos lagos

máis alá das sabanas e das illas,  
coma un irmáu che falo.

Si é túa a miña noite,  
si choran os meus ollos o teu pranto,  
si os nosos berros son igoales,  
coma un irmáu che falo.

Anque as nosas palabras sean distintas,

e ti negro i eu branco,  
si temos semellantes as feridas,  
coma un irmáu che falo.

Por enriba de tódalas fronteiras,  
por enriba de muros e valados,  
si os nosos soños son igoales,  
coma un irmáu che falo.

Común temos a patria,  
común a loita, ambos.  
A miña mau che dou,  
coma un irmáu che falo.

C.E. FERREIRO

3)

Cando na tarde veña a ser lembranza  
pechade os vosos ollos e sentide  
o ritmo do silencio a recordar  
o seu canto  
parado na memoria.

Ide, despois, pasando  
as cousas que el amou,  
a pulsación da vida,  
a dor irremediable dos adeuses,  
unha por unha todas as palabras,  
os soños derrubados,  
os signos do seu sangue  
nas paredes do tempo,  
e teredes entón diante de vós,  
aberto como unha arca,  
o corazón enteiro desta patria.

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

4)

Esta enerxía xa non vai ter fin.  
Non foi creada nin será destruída.  
Iría ocupando diferentes vidas  
transformándose en emocións alleas,  
tatuada noutros corpos paralelos,  
en simultáneas procesións  
sen pausas.

LOIS PEREIRO

5)

Como hei vivir mañá sen a luz túa?

Case morto vivín sen coñecerte  
aló na chaira seca por absurdas rúas  
onde ninguén me soubo dar mornura.

Foi soedade desconforme adentro  
e a semente a caír en terra dura.

Como hei vivir mañá sen a luz túa?

Erguinme e vinte ao regresar á terra  
como se fora todo aquilo un soño  
pesado e ti xa foras sempre miña.

Foi outra vez materno en aloumiño.  
o bico teu na lingua.

E foi de novo corazón adentro  
comprender a existencia e a dozura.

Como hei vivir mañá sen a luz túa?

Pero hoxe mesmo o día abriu en medo  
entrou na fiestra un sol estraño inmenso  
e deixáchesme o leito en mantas frías.

Está a volver agora corazón adentro  
a soedade o podre a agonía  
a me pinchar as cousas en millóns de pugas  
cada minuto en séculos de agullas.

Como hei vivir mañá sen a luz túa?

BERNARDIÑO GRAÑA

6)

Algún día serás, serei, seremos algo máis  
que os cinco dedos desta man aberta que agora ergo  
para dicir o uve da vitoria a xeito de fungueiro  
resistindo nos ladrairos deste outono de chuva  
espetados dende o fondo no cerne do chedeiro.  
Algún día serás, serei, seremos todos xuntos  
un canto duro de granito e pico de canteiro  
dende o Candán da lebre e máis dos pombos  
ata a corredeira vella que vai finir no leito.

Algún día serás, serei, seremos  
a lousa megalítica chantada nun outeiro.

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

7)

Memoria,  
emisaria do mar,  
que nos mantén un cheiro de recordo:  
Algo de nós,  
pureza de altos días,  
mentres camiño pola vasta area  
e penso no amor  
que sempre se comeza nunha praia.

XOHANA TORRES

8)

Amo o perfil de brétema e aceiro  
temperado na luz da madrugada  
que puxo en ti a historia dilatada  
de xente mariñeira e puño obreiro.

Ámoche a man escura maculada  
polas ásperas cousas que dominas  
e pos en orde xusta e disciplinas  
concisamente en si cada xornada.

Amo o teu corpo firme e musculoso  
que se ergue vertical e clama ó ceo  
como unha abidueira prateada,

e amo ese lento fume nemoroso  
que che vén contra a noite pórche un veo  
de orballo campesiño na mirada.

DARÍO XOHÁN CABANA

#### IV. Música

Para rematar, e mentres o féretro volve ao fogar do tanatorio ou é conducido ao coche que o levará á incineración, poderá soar a música do *Himno galego*, himno oficial de Galicia, que co do Antigo Reino lle confiren ao acto solemnidade e altura. A interpretación en zanfona fai que esa solemnidade non implique un exceso pomposo senón unha intimidade e un recollemento axeitados para o carácter do acto.